

Coaching para escritores noveles

Enfrontarse a un longo proxecto de escritura non é un viaxe sen imprevistos, é de feito, unha montaña rusa de palabras, ideas, parágrafos, estilos, diálogos, personaxes, conflitos; e en especial, emocións. Non por elo merece menos a pena, mais é certo que a espera de resultados tan complexos como pode ser unha novela ou un libro didáctico, require paciencia e un bo plan.

Como ocorre cos plans, hai moitas partes que ter en conta, moita documentación e información á que acceder antes de poder encarar ao proxecto. A todo iso enfronteime eu no seu momento descubrindo diversas maneiras de escribir e experimentar a escritura. Para min é un pracer poder compartilas agora con alguén. Aquí déixovos unha lista dalgúns temas que se tratarán ou algúns detalles que se poden pulir durante as clases.

1. • Indagarase no orixe e finalidade das historias, permitindo que o alumno sexa capaz de atopar a narrativa que existe nas conversas cotiás e nos discursos públicos.
2. • Discutiranse os elementos básicos de calquera texto narrativo e practicarase tanto a súa identificación como a súa aplicación real.
3. • En contraposición cos personaxes planos, crearanse personaxes redondos que enriqueceran o argumento e aportarán gran profundidade nas tramas.
4. Practicarase a redacción de esquemas de ideas coa estrutura ABDCE de Alice Adams que axiliza a creación de textos e facilita o uso da imaxinación propia do alumno.
5. Falarase sobre o “camiño do heroe” de Joseph Campbell, das súas variacións e de como se pode modificar para xogar coa estrutura da trama. Analizaranse outras obras, as preferidas do alumno, para así atopar os detalles en común que se agochan tras toda obra literaria.
6. Exercitarase a creación de conflito verosímil e sorprendente de forma que o texto enganche ao lector e a lectura se converta nunha experiencia aditiva ou mesmo introspectiva, segundo o obxectivo do escritor.

Tanto se coñeces estes termos como se non, se sentes o impulso de escribir e o disfrutas, daquela es escritor/a. Non te poñas barreiras, escribe. E se tes dúbidas, contacta comigo para devolverte de novo a ese camiño que os teus pés devecen por pisar.